

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 11/2021

SESION ORDINARIA (agosto) DO 15 DE SETEMBRO DE 2021

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Extraordinaria do 23.07, ordinaria do 28.07 e extraordinaria do 26.08.2021.

Ditames das comisións informativas:

BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, DISTRITOS E PARTICIPACIÓN CIDADADA

- 2.** Proposta de aprobación do I Plan de Igualdade do Persoal ao Servizo do Concello de Vigo. Expediente 11011/224 (Rexistro Pleno 3058/1101).

ORGANIZACIÓN MUNICIPAL, SEGURIDADE, DIZAMIZACIÓN ACTIVA E I+D

- 3.** Festividades locais para o ano 2022. Expte. 1692/110 (Rexistro Pleno 3057/1101).

Mocións:

- 4.** Moción do concelleiro membro non adscrito polo futuro do sector da automoción en Vigo e Galiza. Rexistro Pleno 3089/1101.
- 5.** Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Consorcio do Casco Vello de Vigo a cesión ao Concello de Vigo do uso dos 14 locais desocupados por un prazo de 10 anos, prorrogables de común acordo polas partes, coa finalidade de potenciar o Casco Vello. Rexistro Pleno 3093/1101.
- 6.** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a que aporte un volume de recursos económicos equivalente ao que aportan conxuntamente Concello de Vigo e Deputación de Pontevedra para a promoción de rutas aéreas no Aeroporto de Vigo. Rexistro Pleno 3094/1101.
- 7.** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a manter no curso 2021-2022 a tódolos profesores/as contratados no curso 2020-2021 para garantir tódolos protocolos sanitarios e unha educación de calidade nos centros educativos da cidade. Rexistro Pleno 3095/1101.

8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a contribuír con fondos autonómicos para financiar o pasivo do estaleiro Barreras na mesma medida que o está a facer o goberno de España, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 3096/1101.

PARTE DE CONTROL

9. Dar conta de resolucións da Alcaldía, do 19.07 ao 16.08.2021. Expte. 1062/1102. Rexistro Pleno 3055/1101.
10. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, do 19.07 ao 16.08.2021. Expte. 1063/1102. Rexistro Pleno 3056/1101.

Mocións.

11. Moción do grupo municipal Mixto para artellar de urxencia políticas en materia de contención do prezo do alugueiro en Vigo e aumentar o parque de vivenda dispoñible para este fin, así como a xestión pública directa municipal do futuro stock de vivenda pública. Rexistro Pleno 3090/1101.
12. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a información pública do PXOM. Rexistro Pleno 3092/1101.

13. Formulación de rogos.

14. Formulación de preguntas.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón (P)
Aguiar Castro Yolanda (T)
Aneiros Pereira Jaime (P)
Blanco Iglesias Eugenia Dolores (T)
Caride Estévez María José (P)
Espinosa Mangana Elena (P)
Estévez Rodríguez Pablo Luis (T)
Fernández Pérez José Manuel (T)
Gómez Díaz Gorka (P)
Iglesias González Ana Laura (T)
Lago Barreiro María del Carmen (T)
López Font Carlos (P)
Losada Alvarez Abel Fermín (T)
Mejías Sacaluga Ana María (T)
Pardo Espiñeira Francisco Javier (P)
Rivas González Ángel (T)
Rodríguez Calviño Patricia (T)
Rodríguez Díaz Santos Héctor (T)

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Egerique Mosquera Teresa (T)
González Castillo Jesús Marco (T)
López Román Patricia (T)
Marnotes González José Alfonso (P)

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana (T)
Pérez Correa Ruben (P)

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier (P)

Rodríguez Rodríguez Nuria (T)
Silva Rego M^a Carmen (P)

Con motivo da situación sanitaria provocada pola pandemia COVID-19 e de conformidade co sinalado na Resolución de 12.06.2020 da Secretaría xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a sesión celébrase mediante asistencia presencial (P) e asistencia telemática por videoconferencia (T).

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo sendo as nove horas e dez minutos do día quince de setembro do ano dous mil vinteun, baixo a Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abél Ramón Caballero Álvarez e a asistencia presencial e telemática dos concelleiros e concelleiras relacionados, actuando como Secretario Xeral do Pleno D. Jose Riesgo Boluda, presente na Sala, constitúese o Pleno da Excma. Corporación municipal do Concello de Vigo en sesión ORDINARIA conforme Resolución de convocatoria de data 10 de setembro de 2021.

Está presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, D. Alberto Escaríz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.(151). ACTAS ANTERIORES: EXTRAORDINARIA DO 23.07, ORDINARIA DO 28.07 E EXTRAORDINARIA DO 26.08.2021.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas: extraordinaria do 23.07, ordinaria do 28.07 e extraordinaria do 26.08.2021.

2.(152). PROPOSTA DE APROBACIÓN DO I PLAN DE IGUALDADE DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO. EXPEDIENTE 11011/224 (REXISTRO PLENO 3058/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 5 de agosto de 2021, a xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica adscrita ao Servizo, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación co conforme da concelleira-delegada de Igualdade e da concelleira-delegada de Xestión Municipal, emiten o seguinte informe proposta,

I. CONTEXTO NORMATIVO E PRINCIPIOS

- O artigo 14 da Constitución Española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. Pola súa banda, o artigo 9.2 consagra a obriga

dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas.

- A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal recoñecido en diversos textos internacionais sobre dereitos humanos, entre os que destaca a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, aprobada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas en decembro de 1979 e ratificada por España en 1983. Neste mesmo ámbito procede evocar os avances introducidos por conferencias mundiais monográficas, como a de Nairobi de 1985 e a de Beijing de 1995.

A igualdade é, así mesmo, un principio fundamental na Unión Europea. Dende a entrada en vigor do Tratado de Amsterdam, o 1 de maio de 1999, a igualdade entre mulleres e homes e a eliminación das desigualdades entre unhas e outros son un obxectivo que se debe integrar en todas as políticas e accións da Unión e dos estados membros.

Ao abeiro do antigo artigo 111 do Tratado de Roma, desenvolveuse un acervo comunitario sobre igualdade de sexos de grande amplitude e importante calado, a cuxa axeitada transposición se dirixe, en boa medida, a LOI. En particular, a LOI incorpora ao ordenamento español dúas directivas en materia de igualdade de trato, a 2002/73/CE, de reforma da Directiva 76/207/CEE, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que se refire ao acceso ao emprego, á formación e á promoción profesional e ás condicións de traballo; e a Directiva 2004/113/CE, sobre aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no acceso a bens e servizos e á súa subministración (Preámbulo LOI 3/2007).

Dende a entrada en vigor do Tratado de Amsterdam, a eliminación das desigualdades entre homes e mulleres é un obxectivo prioritario da política da Unión. Neste senso, hai que destacar a Directiva 2006/54/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación.

- No ámbito estatal, aprobouse a Lei Orgánica 3/2007 de igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres que ten por finalidade facer efectiva a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres e a eliminación da discriminación contra a muller.

O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo e, especialmente, as derivadas da maternidade, a asunción de obrigas familiares e o estado civil (Artigo 3 LOI).

O principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, aplicable no ámbito do emprego privado e no do emprego público, garantirase, nos termos previstos na normativa aplicable, no acceso ao emprego, mesmo ao traballo por conta propia, na formación profesional, na promoción profesional, nas condicións de traballo, incluídas as retributivas e as de despedimento, e na afiliación e participación nas organizacións sindicais e empresariais, ou en calquera organización cuxos integrantes exerzan unha profesión concreta, incluídas as prestacións concedidas por estas.

Respecto á regulación da obriga de elaboración e aplicación dos plans de igualdade (Artigo 45.1 y 2 LOI)

“As empresas están obrigadas a respectar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral e, con esta finalidade, deberán adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes, medidas que deberán negociar e, se é o caso, acordar cos representantes legais dos traballadores na forma que se determine na lexislación laboral.

No caso das empresas de máis de cen persoas traballadoras, as medidas de igualdade á que se refire o punto anterior deberanse dirixir á elaboración e aplicación dun plan de igualdade, co alcance e contido establecidos neste capítulo, que deberá ser, así mesmo, obxecto de negociación na forma que se determine na lexislación laboral”.

De conformidade co establecido no artigo 46 da LOI: “Os plans de igualdade das empresas son un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de realizar un diagnóstico de situación, que tenden a alcanzar na empresa a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e a eliminar a discriminación por razón de sexo. Os plans de igualdade fixarán os concretos obxectivos de igualdade que se prevé alcanzar, as estratexias e prácticas que se van adoptar para a súa consecución, así como o establecemento de sistemas eficaces de seguimento e avaliación dos obxectivos fixados”.

- Para os efectos do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes no ámbito de aplicación do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade teranse en conta as definicións de discriminación directa e indirecta e de acoso e acoso sexual contidas no artigo 2 da Directiva 2006/54/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación.

Os plans de igualdade das empresas, conforme á redacción do art. 65 do Decreto Lexislativo 2/2015, son:

“Un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de se ter realizado un diagnóstico da realidade dende a perspectiva de xénero, tendentes a alcanzar na totalidade dos ámbitos da empresa o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo, as cales deben comprender:

a) A fixación de obxectivos concretos de igualdade nuns prazos de tempo razoables, con especificación de indicadores do cumprimento dos obxectivos e identificación dos órganos ou das persoas responsables.

b) Un código das boas prácticas necesarias ou convenientes para alcanzar os obxectivos asumidos a través da integración da dimensión de igualdade na organización do traballo e na xestión empresarial.

c) O establecemento de sistemas eficaces de control interno e de avaliación externa sobre cumprimento dos obxectivos, así como de mecanismos de readaptación deses obxectivos en función dos resultados obtidos”.

- O Real Decreto Lei 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no apartado 2 da súa Disposición Adicional 7ª recóllese o mandato xeral dirixido ás “Administracións Públicas” para elaborar e aplicar un plan de igualdade para as traballadoras e traballadores dependentes delas. Nesta Lei, de maneira expresa, obrígase ás Administracións Públicas a respectar a igualdade de trato e oportunidades no ámbito laboral e, por iso, deberán adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación entre mulleres e homes; de igual modo, obriga a que o plan de igualdade elaborado e aprobado sexa desenvolvido no convenio colectivo ou no acordo de condicións de traballo do persoal empregado.

- Real Decreto 902/2020, de 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes.

No seu artigo 7 estipula “ As empresas que elaboren un plan de igualdade deberán incluír no mesmo unha auditoría retributiva, de conformidade co artigo 46.2.e) da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, previa aa negociación que requiren os ditos planes de igualdade....”

Na Disposición adicional cuarta deste Real Decreto establécese “Ao persoal laboral ao servizo das administracións públicas resultaralle de aplicación o previsto no presente regulamento, de acordo coas peculiaridades establecidas na súa lexislación específica.

Na Disposición Adicional primeira establécese que para cumprir co establecido neste RD será preciso aplicar o procedemento de valoración dos postos de traballo que o Real Decreto establece e que se aprobará a través dunha orde ditada a proposta conxunta dos Ministerios de Traballo e Economía Social e do Ministerio de Igualdade.

II. ANTECEDENTES e METODOLOXÍA DO PROCESO

É competencia municipal delegada da concelleira da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (en materia de recursos humanos e formación) e da Concelleira da Área de Igualdade e Normalización en materia de igualdade e promoción da muller) o impulso das actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de Igualdade no Concello de Vigo.

Como consecuencia do establecido na Constitución do ano 1978, nos seus artigos 14 e 9.2, e nas directivas comunitarias, desenvólvese e apróbbase a LO 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establecéndose no seu Título IV, capítulos I ao IV, toda unha serie de medidas para garantir o dereito ao traballo en igualdade de oportunidades.

Así, e para dar cumprimento ás obrigas legais en materia de Igualdade de Xénero, os termos nos que queda recollido no artigo 45 da LO 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, estableceuse un plan de traballo dividido en fases diferenciadas:

1ª Fase: Compromiso da entidade.

O Presidente da Corporación Municipal do Concello de Vigo en data 19 de xullo de 2016 aprobou o compromiso no establecemento e desenvolvemento de políticas que integren a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, sen

discriminar directa ou indirectamente por razón de sexo, así como no impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real no seo da organización, establecendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio estratéxico da mesma, de acordo coa definición do devandito principio que establece a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva entre Mulleres e Homes.

Para levar á práctica estes principios enunciados asume a obriga de elaborar un Plan de Igualdade para as persoas traballadoras do sector público que está recollida tanto na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes que afecta directamente á Administración Xeral do Estado e ós seus Organismos Públicos, que implica a todas as Administracións Públicas.

2ª Fase: Negociación e aprobación do Informe Diagnóstico.

En data 07.10.2019 constitúese a Mesa Sectorial de Negociación do Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo con representación paritaria de representantes do Goberno Municipal e da representación sindical con lexitimidade para negociar. Coa asistencia de persoal técnico de asesoramento especializado: Titular de Asesoría Xurídica, Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, Secretaría Xeral do Goberno e Xefa do Servizo de Igualdade.

Na sesión de data 28.10.2019 esta Mesa Sectorial de Negociación aproba por unanimidade o informe diagnóstico (Alcance 2017), fase previa á elaboración do Plan de Igualdade de Persoal ao Servizo do Concello de Vigo, elaborado por auditoría laboral externa, coas modificacións e aclaracións acordadas no seo da Mesa.

3ª Fase: Negociación de accións e medidas do Plan.

Nesta fase, a representación sindical achegou á Mesa Sectorial de Negociación numerosas e diversas propostas de medidas e accións a incluír no Plan de Igualdade. Unha vez revisadas polos servizos técnicos municipais e coa conformidade da representación do goberno municipal na Mesa, o documento do I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo enviouse á Mesa Sectorial para a súa aprobación e firma das partes.

4ª Fase: Aprobación do I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Na sesión celebrada o 27 de xullo de 2021 a Mesa Sectorial de Negociación aproba o documento do “I Plan de Igualdade do Persoal ao servizo do Concello de Vigo” e o anexo coas fichas de seguimento e avaliación.

O documento fírmase nesa mesma data polas persoas representantes da Mesa Sectorial de negociación.

III. I PLAN DE IGUALDADE DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO

O I Plan de Igualdade do Persoal ao servizo do Concello de Vigo, aprobado pola Mesa Sectorial de Negociación, constitúe un avance no cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030, principalmente

nos ODS 5 “Igualdade de xénero” e ODS 8 “Traballo decente e crecemento económico”, e en concreto no cumprimento das metas 5.1, 5.2, 5.4, 5.5, e 8.5, é dicir, en poñer fin a todas as formas de discriminación contra as mulleres; eliminar todas as formas de violencia contra as mulleres e as nenas nos ámbitos públicos e privados; recoñecer a importancia dos coidados e fomentar a corresponsabilidade; asegurar a participación plena e efectiva de mulleres e a igualdade de oportunidades de liderado; lograr o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as mulleres e os homes, así como a igualdade de remuneración por traballo de igual valor.

Ten como obxectivo principal "A integración transversal do principio de igualdade nas actuacións do Concello de Vigo e eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten a igualdade efectiva de mulleres e homes" e ten unha vixencia de catro anos.

O alcance do Plan é o persoal (funcionario/laboral) do Concello de Vigo e o da Xerencia Municipal de Urbanismo.

O documento recolle os antecedentes, a metodoloxía do proceso e as conclusións máis relevantes do Informe Diagnóstico aprobado no seu día pola Mesa Sectorial de Negociación.

O plan estrutúrase en doce áreas de actuación:

1. Proceso de selección e contratación
2. Desenvolvemento da carreira profesional
3. Clasificación Profesional
4. Infrarepresentación feminina
5. Formación
6. Retribucións
7. Conciliación e Corresponsabilidade
8. Prevención do acoso sexual e por razón de sexo
9. Violencia de xénero
10. Condicións de traballo e saúde laboral
11. Comunicación, Cultura e responsabilidade corporativa
12. Transversalidade, estudos, informes e medios

O documento establece 140 medidas de actuación con indicación, en cada unha delas, do seu cronograma, indicadores de avaliación e os ámbitos responsable da súa execución e/ou impulso.

Incorpórase ao Plan o Anexo “Fichas de seguimento e avaliación” nas que se indican os seguintes aspectos con relación a cada acción:

- Descrición da acción
- Ámbito responsable
- Ámbito e indicador a utilizar para o seguimento e avaliación de cada acción
- Obxectivos que se pretenden alcanzar coa acción
- Métodos ou procedementos que se utilizarán para implantala
- Recursos materiais, humanos e económicos necesarios
- Data prevista de posta en marcha e execución da acción

- Data prevista de finalización

Para levar a cabo o seguimento, unha vez aprobado o Plan, constituirase unha Comisión de Seguimento e Avaliación que será responsable de realizar o seguimento periódico das accións do Plan e avaliar o seu grao de cumprimento.

Os plans de igualdade constitúen unha manifestación da propia negociación colectiva (Sentenza da Audiencia Nacional de data 16.09.2015 confirmada por Sentenza do Tribunal Supremo 9-05-2017, rec. 85/16). Concretamente o artigo 38.3 do TREBEP sinala que para os pactos e acordos que determinen as condicións de traballo do funcionariado sexan válidos e eficaces será necesaria a aprobación expresa e formal dos órganos de goberno das Administracións Públicas.

A doutrina maioritaria entende que os ditos pactos e acordos conteñen elementos que permiten soste que estamos ante instrumentos de natureza “regulamentaria ou normativa”. Neste senso a STS de data 14 de abril de 2000, (Rec. 535/1996) dispón “(...) El «Acuerdo» impugnado, en la medida en que su contenido plasma una regulación de determinados aspectos de la relación que liga al Ayuntamiento con sus funcionarios, tiene una significación normativa, pues su eficacia no se agota en una o varias concretas aplicaciones, sino que tiene una vocación ordenadora de situaciones futuras desde una previsión abstracta y general.

Por tanto, a los efectos que de lo que aquí se está analizando, a dicho «Acuerdo» ha de reconocérsele el valor de disposición de carácter general.”

Non obstante os ditos pactos ou acordos non se poden asimilar de maneira absoluta aos regulamentos ou ordenanzas polo carácter interno que ostentan, é dicir, que non despregan efectos ad extra. Así mesmo os trámites necesarios para a aprobación dos acordos non son os propios dunha disposición regulamentaria e a competencia para a súa aprobación ven limitada polo TREBEP, posto que o órgano deberá limitarse a aprobar ou rexeitar o acordo da mesa sectorial de igualdade, sen posibilidade de modificación.

Conforme ao artigo 127.1.a) da LRBRL corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos.

O artigo 123.1.d) da LRBRL atribúe ao Pleno a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais.

O I Plan de Igualdade do Persoal ao servizo do Concello de Vigo, unha vez aprobado polo Pleno da Corporación Municipal publicarase no Boletín Oficial da Provincia e inscribirase no Rexistro que corresponda de conformidade coa normativa de aplicación. Asemade, publicarase no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, así como en calquera outro medio que se considere oportuno coa finalidade de incrementar e reforzar a transparencia na actividade pública.

Mediante a aprobación deste Plan que ten unha vixencia de catro anos, o Concello de Vigo comprométese a dotar dos medios humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento das medidas que o integran, dotando as partidas orzamentarias que proceda para a execución do mesmo.

IV. PROPOSTA

Unha vez aprobado e firmado pola Mesa Sectorial de Negociación, e previo informe da Intervención Xeral, propónse ao Pleno da Corporación Municipal, previo sometemento á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo...”

Deseguido as funcionarias informantes emiten a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

Con data 9.08.21, a secretaria xeral acctal. do Pleno emite o correspondente informe xurídico.

A interventora xeral adxunta en data 10.08.21, emite o informe de fiscalización.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 12.08.21, aproba a mencionada proposta.

DITAME. A Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade, Normalización Lingüística, Distritos e Participación Cidadá, na súa sesión ordinaria do 1.09.21, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo (e fichas de seguimento e avaliación) aprobado e asinado en data 27.07.2021 polas persoas representantes da Mesa Sectorial de Negociación cuxo texto está incorporado ao expediente núm. 11011-224.

SEGUNDO.- Publicar o “I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo” no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, así como en calquera outro medio que se considere oportuno coa finalidade de incrementar e reforzar a transparencia na actividade pública.”

3.(153). FESTIVIDADES LOCAIS PARA O ANO 2022. EXPTE. 1692/110 (REXISTRO PLENO 3057/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 24 de agosto de 2021, emítase a seguinte proposta,

“A concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de conformidade co disposto no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e de conformidade co artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola Disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, que indica

que corresponde ao Pleno da Corporación o sinalamento das datas das festividades locais, eleva a dito órgano a seguinte....”

Deseguido a concelleira emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Organización Municipal, Seguridade, Dinamización Activa e I+D, na súa sesión ordinaria do 1.09.21, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Fixar as seguintes festividades locais para o ano 2022

- 1.- O luns 28 de marzo, día da Reconquista
- 2.- O martes 16 de agosto, día de San Roque

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo ao órgano competente da Administración da Comunidade Autónoma.

Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

Incidencia: alterouse a Orde do Dia e tratáronse despois do punto nº 3, os puntos 5, 11 e 12 e a continuacións o 4, 6, 7, 8, 9, 10, 13 e 14.

MOCIÓNS RESOLUTIVAS

5.(155). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO A CESIÓN AO CONCELLO DE VIGO DO USO DOS 14 LOCAIS DESOCUPADOS POR UN PRAZO DE 10 ANOS, PRORROGABLES DE COMÚN ACORDO POLAS PARTES, COA FINALIDADE DE POTENCIAR O CASCO VELLO. REXISTRO PLENO 3093/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 10 de setembro de 2021, número 3093/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Consorcio do Casco Vello de Vigo é propietario de diferentes locais sitios na zona alta do Casco Vello que, na súa maioría, non teñen actividade dende fai tempo. O Consorcio do Casco Vello encargou un estudo para poder externalizar a xestión dos locais comerciais ou oficinas da súa titularidade ante as dificultades de poder optimizar estes espazos e xerar actividade no Casco Vello. Adicionalmente, a experiencia recente amosa dúas realidades que fan preciso un cambio na actual xestión destes locais, por un lado a falta de consolidación das actividades implantadas nestes locais cando se reduce ou elimina a bonificación os alugueiros e por outra banda a escasa capacidade de adaptación das concesións do Consorcio Casco Vello ante a situacións excepcionais como esta pandemia.

Esta situación de desocupación de locais no Casco Vello Alto está a contribuír a falta de actividade e mobilidade na rúa, a devaluar o potencial turístico e o atractivo do Casco Vello o tempo que suporá un custe adicional para o Consorcio o ter que garantir a conservación e mantemento duns inmobles que non teñen ningún retorno social positivo.

O Concello de Vigo pretende modificar esta situación e converter estes locais nun polo de xeración de actividade, iniciativa e divulgación de Vigo. Unha cidade cun importante tecido asociativo e cultural que é preciso visibilizar no casco histórico da cidade. Un centro urbano que cada ano é visitado por milleiros de turistas para os que queremos que o paseo polo Casco Vello Alto sexa unha oportunidade para coñecer o noso patrimonio cultural e natural e para dar a coñecer a rica actividade creativa e cultural da cidade.

No ano 2019 os turistas totais en Vigo acadaron os 430.454 (un 3,6% mais co ano anterior) sendo o 71,8% turismo nacional e o 29,2 restante turismo estranxeiro. En canto a distribución temporal ou estacional destes datos compre destacar a importancia do turismo de verán que representa o 31 % do total anual, o tempo que debemos salientar o importante esforzo do Concello de Vigo na procura de desestacionalizar o turismo da cidade. O potencial de atractivo da Illas Cíes favorece a captación de actividade turística, potencial que o goberno de Vigo pretende reforzar ca declaración das Illas Cíes como patrimonio natural da Unesco. Mención especial compre adicar ó Nadal de Vigo, que fixo posible cubrir a capacidade hoteleira da cidade e o seu entorno, en novembro e decembro do 2019, actividade que tivo unha clara repercusión no comercio e nos servizos da cidade o supoñer a mobilización dos 4 millóns de cidadáns que pasaron baixo a árbore do Nadal. Esta campaña de Nadal ten unha clara presenza no Casco Vello de Vigo e permite utilizar este entorno como un gran escaparate para dar a coñecer a riqueza natural, cultural e artística da cidade e o seu entorno.

Nadal de Vigo que é financiado integramente polas finanzas locais, que está a permitir a divulgación e a presenza do nome da cidade en todos os medios de comunicación de España e en moitos medios internacionais. Estratexia turística da cidade que o goberno local quere manter e reforzar.

A capacidade de Vigo para atraer turismo MICE (Meeting, Incentives, Conventions and Exhibitions/Events) e outro dos aspectos que o goberno local está a potenciar. En 2019 celebráronse na cidade 139 congresos cun volume aproximado de 96.022 asistentes (unha media de 690 asistentes por congreso). Este tipo de eventos é un dos principais motores do desenvolvemento do sector servizos e ten un importante papel tractor na economía local xa que, en xeral os viaxeiros MICE, gastan un 53% mais que aqueles que viaxan por motivo de ocio.

O papel de punto de encontro, ocio e restauración que xoga o Casco Vello de Vigo como escaparate da cidade é indiscutible polo que manter locais pechados e sen uso está a limitar o atractivo do noso centro histórico o tempo que resulta unha oportunidade perdida para dar a coñecer a cidade, o seu entorno e a actividade creativa.

Tomando como punto de partida o decálogo do Consello da Cultura de Galicia para unha cultura sustentable, o Concello de Vigo está a entender a cultura como un dereito cidadán, tentando favorecer unha economía mais social, que combata a precariedade laboral e garanta unha xusta retribución das creadoras e creadores, promovendo fórmulas cooperativistas que contribúan ao desenvolvemento local e a unha maior estabilización do emprego e dos proxectos. O obxectivo é incorporar nos grandes eventos culturais a promoción da cultura e a actividade artística propia, para que poida dialogar en igualdade con outras culturas do mundo e apoiar a internacionalización da cultura.

O Informe Ardán estima en 741,3 millóns de euros a riqueza xerada pola industria cultural galega, con 13.700 empregos. O peso deste sector concéntrase en Vigo e A Coruña con mais da metade da industria cultural galega. Potenciar este sector dando a coñecer a súa actividade a todos e todas as viguesas e os nosos visitantes e turistas, facilitando a súa presenza nos locais do Casco vello Alto é un dos obxectivos de esta iniciativa.

Para lograr dito obxectivo o Concello de Vigo precisa xestionar estes espazos garantindo a implantación no Casco Vello Alto de actividades compatibles co uso residencial que contribúan a divulgar a actividade dos creadores noveis da cidade o tempo que facilitan a actividade do tecido asociativo de Vigo e se potencia o atractivo turístico da cidade.

O Concello de Vigo programará actividades e usos para favorecer o emprendemento e a divulgación da riqueza patrimonial, turística e creativa da cidade. Así existirán espazos adicados a exposición e divulgación artística, espazos con actividade rotativa para artesáns, espazos flexibles para potenciar o atractivo turístico de Vigo e o seu entorno con diferentes actividades en función dos eventos, festas ou momentos da vida social da cidade e espazos adicados a mellorar o coñecemento e presenza do tecido asociativo. Todos estes inmobles serán asignados e utilizados cos mecanismos previstos na lexislación para os espazos públicos.

O Consorcio do Casco Vello elaborou un estudo para a externalización da xestión dos locais comerciais, dito proxecto para a busca dun axente privado para a xestión e utilización dos locais comerciais desocupados establecía un prezo de alugueiro mensual de 2€/m² para xestionar os 15 inmobles desocupados do Consorcio do Casco Vello.

O Concello de Vigo, logo da cesión deste 15 locais, compensará o Consorcio do Casco Vello cunha compensación de 30.000 euros anuais (preto dun 25% adicional a contía aportada polo xestor externo) que abonará no primeiro trimestre de cada ano. Cesión que poderá facerse extensible a calquera outro local que fique desocupado e sexa de titularidade do Consorcio, incrementando de xeito proporcional a contía anual aboada o Consorcio.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno da Excma. Corporación de Vigo que adopte o seguinte:

ACORDO

- Instar o Consorcio do Casco Vello de Vigo á Cesión o Concello de Vigo do uso dos 14 locais desocupados relacionados no anexo por un prazo de 10 anos, prorrogables de común acordo polas partes, coa finalidade de potenciar o Casco Vello de Vigo, divulgar a riqueza cultural e patrimonial e turística da cidade, favorecer o emprendemento e a actividade asociativa. Como contraprestación a esta cesión, o Concello de Vigo aboará 30.000 euros anuais o Consorcio do Casco Vello e asumirá os custes de conservación e mantemento destes inmobles.

ANEXO

Locais Casco Vello Alto

Abeleira Menéndez 11, de 69 m²

Abeleira Menéndez 18, de 68 m²

Abeleira Menéndez 24,26 baixo de 64,6m²

Cruz Verde 5, baixo dereita, de 79 m²

Cruz Verde 5, baixo esquerda, de 68 m²

Ferrería 12, de 92 m²

Ferrería 31, de 46 m²

Ferrería 5, local 1, de 41 m²

Ferrería 5, local 3, de 72 m²

San Sebastián 3, de 125 m²

San Sebastián 4, de 36 m²

San Sebastián 8, de 37 m²

Santiago15, de 38 m²

Santiago 19, de 45 m²

Subida á Costa 5, de 133 m²

Total 15 locais, cun total de 1013,6 m²

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 10.09.21 (Rex. Nº 3093/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

MOCIÓNS DE CONTROL

11.(162). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PARA ARTELLAR DE URXENCIA POLÍTICAS EN MATERIA DE CONTENCIÓN DO PREZO DO ALUGUEIRO EN VIGO E AUMENTAR O PARQUE DE VIVENDA DISPOÑIBLE PARA ESTE FIN, ASÍ COMO A XESTIÓN PÚBLICA DIRECTA MUNICIPAL DO FUTURO STOCK DE VIVENDA PÚBLICA. REXISTRO PLENO 3090/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 10 de setembro de 2021, número 3090/1101, os concelleiro/a do grupo municipal Mixto (Marea de Vigo), Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

MOCIÓN

“Iniciamos o mes de setembro na cidade de Vigo cunha realidade extremadamente preocupante ante unha situación que xa viña cronificándose sendo xa agora un problema xeral que afecta especialmente aos mozos e mozas: a falla de opcións asequibles de vivenda en alugueiro e a inexistencia de alternativa de vivenda pública que poida paliar. Nos últimos meses hai unha preocupación xeralizada, por exemplo, entre os e as estudantes que buscan alugueiros durante o curso, sendo case imposible atopar vivenda neste réxime a prezo que non sexa desorbitado, pero tamén entre familias ás que os seus contratos de alugueiro remataban nos meses de verán producíndose entón alzas brutais nos prezos dos inmobles que rendaban ou literalmente estes son expusaldos coa escusa do uso familiar do inmovible, moitos dos cales acaban no parque de vivenda turística que non para de medrar nesta cidade.

Esta situación, que nada ten que ver coa existencia de vivenda nova nin coa necesidade de reservar máis vivenda libre no futuro PXOM, ten unha dimensión clara na incapacidade das administracións públicas de mobilizar gran parte do parque de vivenda baleira existente na cidade susceptible de ser empregado sen actuacións de rehabilitación (máis de 18.000 inmobles, o 10,25% do total do parque segundo reconece o INE e o propio equipo redactor do futuro PXOM), pero tamén afonda a súa causalidade na inoperancia da administración con maiores competencias en materia de vivenda, a autonómica, en dotar a Vigo dun parque público de vivenda que permita a opción do alugueiro, condenando a case inexistente vivenda construída a ser vendida no mercado de compra-venda privada que, aínda con prezo taxado ao ser vivenda con algún grado de protección, segue sendo inalcanzable para unha parte substancial da mocidade e é unha opción que non recolle o feito de que a preferencia maioritaria das máis de 5000 personas inscritas no rexistro de demandantes de vivenda pública en Vigo é o alugueiro ou o alugueiro con opción a compra.

Paralela a esta situación, nos últimos anos, e especialmente nos barrios céntricos da cidade, estase a producir un alarmante incremento de número de vivendas rexistradas para uso turístico, moitas delas vivendas que anteriormente formaban parte da oferta de vivendas en alugueiro na cidade. Un aumento de máis do 50% anualmente do parque rexistrado no REAT (rexistro de empresas e actividades turísticas) e que na nosa cidade supón que actualmente 556 vivendas están sendo empregadas como aloxamentos turísticos. Vigo é o terceiro concello con máis vivendas deste tipo despois de Sanxenxo con 2036 e Santiago con 732. E isto, sen contar coas moitas destas vivendas que non están declaradas e rexistradas.

Fronte a esta grave situación, que afecta especialmente a mozos e mozas estudantes, familias traballadoras, moitas precarizadas ou mesmo a familias en

situación de vulnerabilidade social e risco de pobreza, consideramos necesario evitar o discurso paralizante de quen ten ou non competencias en materia de vivenda (seguimos considerando que *os Concellos, en base as competencias que outorga a Lei de Bases perfectamente pode asumir as devanditas competencias en materia de vivenda*) e actuar xa para dotar a Vigo dun parque público ou dun stock accesible de vivendas en réxime de alugueiro. Por iso consideramos necesario que se concrete de xeito claro o formato co que o propio alcalde de Vigo anunciou que o Concello sería promotor directo de actuacións de vivenda protexida en ámbitos como o proxectado nos terrenos do actual parque móbil do Concello en Santa Cristina, Lavadores e que se garanta a titularidade municipal dos mesmos para garantir alugueiros con prezos asequibles e mesmo un futuro parque de vivenda social.

Corremos o serio risco de que unha xeración enteira de mozos e mozas non teñan acceso asequible a vivenda digna a curto e medio prazo, a que se cronifique a pobreza lastrada polo uso da meirande parte dos recursos das familias en pagar solucións habitacionais e mesmo de ir perdendo poboación na cidade en beneficio doutros concellos onde a vivenda sexa máis asequible e o dispoñible de vivendas para alugar máis extenso.

Ante unha situación de extema gravidade, que pode cronificarse nos vindeiros meses, *o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes:*

ACORDOS:

1. Instar ao Concello de Vigo a que as tres grandes pezas urbanísticas que conteñen vivenda protexida no futuro PXOM: o ámbito de Santa Cristina-Lavadores, o de Ofimático-Avenida de Madrid e Guixar-Campsá, sexan as primeiras actuacións a desenvolver unha vez aprobado o Plan evitando que non se execute a vivenda pública e simplemente quede, como outros contidos no PXOM do 2008, como ámbitos de alta presenza en VPO para rebaxar a mesma noutros ámbitos e igualar a media legal en todo o Plan.
2. Instar ao Concello de Vigo á creación dunha empresa municipal de vivenda e empregar a propia Xerencia de Urbanismo como elemento de promoción pública directa de vivenda no termo municipal de Vigo.
3. Instar ao Concello de Vigo a reservar cando menos un 10% da vivenda en réxime de VPO promocionada directamente polo Concello e os aproveitamentos lucrativos dos convenios urbanísticos asinados como vivenda de emerxencia social, de titularidade pública e conformada nun Parque Municipal de Vivenda de Emerxencia Social para as familias e persoas máis vulnerables.
4. Instar á Xunta de Galicia a executar, no marco das súas competencias, as políticas en materia de vivenda e dar así cobertura urxente ás máis de 5.000 familias e particulares demandantes de VPO, maioritariamente en réxime de alugueiro con opción a compra, e executar na súa integridade os recursos comprometidos e que serán transferidos dentro do Plan Estatal de Vivenda 2022-2025.
5. Instar á Xunta de Galicia á modificación do Decreto 12/2017 que regula a ordenación de apartamentos turísticos establecendo unha moratoria de 2

anos para poder incorporar vivendas que estaban en réxime de alugueiro ao parque de apartamentos turísticos, así como levar a cabo as inspeccións que sexan necesarias para detectar pisos turísticos non rexistrados tal e como marca a lexislación.

6. Instar ao Goberno do estado a regular, no marco do contido do acordo de Goberno de coalición PSOE-Unidas Podemos, e de xeito urxente, os prezos do alugueiros no marco da nova Lei Estatal de Vivenda para ter xa un proxecto legislativo antes do 31 de decembro de este ano en curso.

Incidencia. Auséntase da sesión o Sr. Alcalde e preside a terceira tenente de alcalde, Sra. Espinosa Mangana.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezanove abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 10.09.21 (Rex. Nº 3090/1101), polos concelleiro/a do grupo municipal Mixto (Marea de Vigo), Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

12.(163). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A INFORMACIÓN PÚBLICA DO PXOM. REXISTRO PLENO 3092/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 10 de setembro de 2021, número 3092/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado día 26 de agosto o aprobouse inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo. O goberno de Vigo aprobou o plan en solitario, o último día do prazo, sen presenza da corporación e sen público. Unha falta de respecto ao Concello e á cidadanía nun exercicio de escurantismo e de baixa calidade democrática.

Culminábase con elo un proceso iniciado en pleno confinamento, coa tramitación do borrador, logo de cinco anos de inacción dende a anulación do PXOM ilegal de 2008. Nese proceso o Concello elaborou o documento en solitario e en segredo,

vulnerando o dereito da cidadanía a participar non só na aprobación do planeamento, se non tamén na súa elaboración. Por primeira vez na historia democrática da cidade impediuse deliberadamente calquera aportación activa na elaboración do planeamento e só tiveron acceso aos traballos de redaccións os propios membros do goberno

O grupo municipal do Partido Popular votou en contra precisamente por ese escurantismo pero tamén e sobre todo polas irregularidades do propio documento; polas súas indeterminacións e contradicións que conducirán ao bloqueo e ás impugnacións; pola renuncia a ordena-la cidade deixando a decisión aos propietarios que deberán elaborar o planeamento de desenvolvemento; na falta de informes preceptivos do goberno do Estado; na chapuza inexplicable e vergoñenta de copiar as ordenanzas de outros concellos tirando por terra as que se aplicaron e aplican en Vigo dende hai anos, deixando á boa parte da cidade en situación de fóra de ordenación.

O escurantismo continúa logo da aprobación inicial. O documento segue a ser practicamente descoñecido, só se pode consultar descargándoo completo dunha web inaccesible e nun formato inintelixible. O documento aprobado non foi facilitado a ningún colectivo, asociación, entidade ou axente social e inda non se coñecen os medios que o goberno vai a dedicar para que a cidadanía se informe e saiba, por exemplo, se a súa propiedade se atopa nunha das moitas zonas da cidade nas que se modifica o planeamento respecto da Ordenación Provisional vixente, o que provoca moitas dúbidas respecto dos ámbitos nos que xa está suspendida a concesión de licenzas.

Xa que logo, estando próxima a exposición pública do Plan Xeral este Pleno ten que garantir que a publicidade do plan non sexa só formal, se non que sexa efectiva, coa máxima transparencia, o máximo coñecemento e facilitar todos os medios persoais e materiais para levar o plan a todo o territorio para que todos os afectados e prexudicados poidan efectuar alegacións.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo presenta ao Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS:

1.- Expoñer o documento ao público, ademais de nas oficinas da Xerencia de Urbanismo, na Casa das Artes, no Auditorio Mar de Vigo e no Verbum con persoal técnico que asesore na consulta habilitando rexistros auxiliares para facilitar a presentación das alegacións.

2.- Remitir a todas as asociacións veciñais da cidade un exemplar do PXOM aprobado inicialmente, poñendo a disposición de todas elas persoal técnico que permita a consulta e resolución de dúbidas e facilite a redacción de alegacións.

3.- Facilitar a consulta do plan na internet de xeito sinxelo, completo e interactivo publicando o documento na web de modo que permita unha consulta das determinacións urbanísticas de cada parcela mediante a súa situación ou mediante a introdución dos datos catastrais, habilitando unha caixa de correo de consulta de dúbidas. A información relativa a cada parcela deberá indicar se nela está suspendida a concesión de licenzas.

4.- Dar conta ao Consello da Xerencia de Urbanismo de xeito semanal todas as alegacións presentadas no período de información pública e, no seu caso, dos informes do equipo redactor ás devanditas alegacións.

Incidencia. Auséntase da sesión o Sr. Alcalde e a primeira tenente de alcalde, Sra. Silva Rego, preside a terceira tenente de alcalde, Sra. Espinosa Mangana.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con cinco votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Román e Marnotes González mais do membro non adscrito o señor Pérez Igrexas, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto da señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada, en data 10.09.21 (Rex. Nº 3092/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

MOCIÓNS RESOLUTIVAS

Incidencia. Auséntase da sesión o Sr. Presidente e a primeira tenente de alcalde, Sr. Silva Rego. Ocupa a Presidencia o segundo tenente de alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.

4.(154). MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO POLO FUTURO DO SECTOR DA AUTOMOCIÓN EN VIGO E GALIZA. REXISTRO PLENO 3089/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 10 de setembro de 2021, número 3089/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

“POLO FUTURO DO SECTOR DA AUTOMOCIÓN EN VIGO E GALIZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A automoción constitúe un sector estratéxico fundamental para a industria de Vigo, e por extensión do conxunto de Galiza, que está a afrontar importantes complexidades, onde aos reptos estruturais que se derivan da transición no modelo produtivo e no cambio tecnolóxico e de vector enerxético, engádese tamén a retracción no propio mercado e, máis recentemente, a crise de aprovisionamento de microchips e outros compoñentes.

Cómpre subliñar, ademais, que neste sector existe unha crecente precariedade laboral que se expresa nunha elevadísima taxa de temporalidade, o aumento nos contratos a tempo parcial, o empobrecemento salarial e mais o empeoramento das condicións laborais, para alén dos efectos da aplicación arbitraria e inxusta dos ERTE que acabaron por transferir os custos da crise ás traballadoras e os traballadores.

A inestabilidade produtiva derivada da falla de garantías de subministro de algúns insumos ten colocado nunha situación de risco e incerteza un número moi relevante de postos de traballo, directos e indirectos. Neste sentido, é moi significativo, que as paradas produtivas teñan afectado, dunha ou doutra maneira, a preto de 20 mil empregos. O Clúster de Empresas da Automoción de Galiza ten analizado na súa prospectiva que a crise de semicondutores pode prolongar os seus efectos até o ano 2023 e no caso da planta de *Stellantis* en Vigo estima nun mínimo de 80 mil unidades menos o impacto da mesma na produción deste 2020. Aliás, o encarecemento e falla de subministros en materiais como o aceiro, o aluminio ou complementos plásticos a nivel global está a agravar inda máis esta situación.

Grandes fabricantes de microchips seguen anunciando investimentos millonarios noutras partes do mundo, como no caso de Alemaña, Italia ou Holanda, mais tanto o Goberno español como a propia Xunta de Galiza, continúan sen despregar ningún tipo de acción efectiva para blindar a competitividade e capacidade produtiva do sector da automoción no noso País.

É claro que a mellor maneira de asegurar o futuro do sector da automoción na área de Vigo e no conxunto de Galiza pasa por promover, de maneira activa, a instalación de fábricas de compoñentes nas proximidades da factoría principal. No entanto, a resposta por parte do Goberno español tense reducido a comprometer a instalación dunha fábrica de baterías en Barcelona e apoiar outra en Valencia, mais sen ningún tipo de compromiso concreto e verificábel no relativo a área de Vigo e o conxunto de Galiza, para alén da propaganda oca da que ten participado con entusiasmo o propio alcalde de Vigo nun ronsel de anuncios sen respaldo real. Ao tempo, Portugal vén de confirmar a instalación de plantas de compoñentes no seu territorio despois de que fose deslocalizada unha parte da produción sediada en Galiza. Tal e como están a denunciar organización sindicais, como a CIG, que Galiza non conte cunha planta de fabricación de baterías suporía excluír, na práctica, o sector galego da automoción do taboleiro da fabricación do coche eléctrico.

É necesario tamén actuar con decisión fronte a ameaza grave e real que representa a deslocalización produtiva para o sector do automóbil e que se materializa no feito de que nos últimos 8 anos non se teña constituído ningunha nova empresa do sector na área de Vigo e en que a produción estea equiparada á do ano 2007, antes da crise, mais soportada por un 40% menos de postos de traballo.

Como exemplo concreto e claro desta problemática está a compañía *Borgwarner*, na que mentres a planta de Vigo fica baixo ameaza de peche a mesma multinacional anuncia a apertura dunha nova factoría motores eléctricos en Viana do Castelo.

En definitiva, Vigo non estaría nesta altura incluída dentro do itinerario de cidades industriais para os fabricantes de coches europeos, como resultado dunha

política industrial baleira onde unicamente se aposta polo sector servizos e o turismo.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar a Xunta de Galiza e o Goberno español para, no exercicio das súas competencias e de maneira coordinada:
 - a. Promover a instalación na área de Vigo dunha fábrica de baterías.
 - b. Poñer en marcha un plan para a atracción de plantas de fabricación para a súa instalación en Galiza dos novos compoñentes dos coches eléctricos, como motores de tracción, cargadores de a bordo, novos sistemas de tracción, inversores e portos de carga.

2. Instar a Xunta de Galiza a:
 - a. Constituír unha Mesa Galega da Automoción na que estean presentes a Xunta de Galiza, o clúster empresarial, as tres centrais sindicais máis representativas de Galiza e as tres universidades.
 - b. Impulsar un Plan Galego pola Automoción, que promova a instalación na Galiza de novos actores e actividades industriais relacionados co sector, que rachen coa excesiva dependencia actual dun único gran fabricante, e que garantan a produción na Galiza de aqueles compoñentes críticos e de máis valor engadido.
 - c. Desenvolver unha política industrial que faga posíbel fabricar calquera novo compoñente derivado da transición ao automóbil non contaminante tanto para eléctricos, gas ou hidróxeno.
 - d. Posta en marcha dunha Tarifa eléctrica galega competitiva que reverta no sector industrial do país os beneficios de sermos produtores de electricidade.
 - e. Despregar medidas concretas para garantir a protección da saúde, o rexuvenecemento dos cadros de persoal, a contratación por xornadas completas, a aplicación do convenio provincial do metal para empresas sen convenio propio como chan salarial, así como a adaptación da formación profesional pública á nova realidade tecnolóxica."

Incidencia. No momento da votación atópase ausente a Sra. Caride Estevez e non se visualiza á concelleira Sr. Rodríguez Calviño e ao concelleiro Sr. Estevez Rodríguez.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor do membro non adscrito señor Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto da señora e señor Méndez Fuentes e Pérez Correa, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Román e Marnotes González, e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 10.09.2021 (Rex. Nº 3089/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

6.(157). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE APORTE UN VOLUME DE RECURSOS ECONÓMICOS EQUIVALENTE AO QUE APORTAN CONXUNTAMENTE CONCELLO DE VIGO E DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A PROMOCIÓN DE RUTAS AÉREAS NO AEROPORTO DE VIGO. REXISTRO PLENO 3094/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 10 de setembro de 2021, número 3094/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A comunicación das distintas partes do territorio estatal, e deste co resto do mundo, é hoxe en día unha cuestión de máxima transcendencia para as persoas pero, tamén, para todo o tecido social e económico de calquera cidade pero, sobre todo, para as áreas urbanas densamente poboadas que se atopan afastadas do centro xeográfico do Estado ou da Unión Europea e doutros polos económicos nacionais e internacionais.

A cidade de Vigo non só é a máis poboada de Galicia, senón que a súa área metropolitana reúne a unha poboación estable de cincocentas mil persoas e un número de empresas que a sitúan como o entorno con maior número de empresas da Comunidade Autónoma e cunha importancia no Producto Interior Bruto de primeiro orde. É así que, tanto cidadáns como sobre todo empresas, precisan dun transporte rápido coa capital do Estado en con outras cidades de España, de Europa e do resto do mundo para os desprazamentos familiares, estudantís, laborais, comerciais e de relacións entre empresas que, ademais, minimize o uso doutras infraestruturas (estradas) e a atomización dos medios de transporte (turismos particulares) que poden ter unha maior incidencia conxunta nas emisións de CO2.

A esta necesidade social e económica únese a crecente importancia turística de Vigo en todos os meses do ano e grazas á diversificación da súa oferta (Nadal, cultura, praias, festas, feiras, ...) desestacionalizada. Os datos son reveladores. Así, no mes de agosto de 2021, e pese ás restricións da pandemia, tivemos unha ocupación hoteleira do noventa por cento e non só con visitantes nacionais, senón tamén internacionais (Alemaña, Francia, Italia, Portugal, Reino Unido, ..). Os datos de ocupación dos avións con orixe ou destino no aeroporto de Vigo tamén amosan unha elevada ocupación e demanda que, as veces, xera prezos moito máis elevados do que se atoparía nuns marxes normais e, sobre todo, inaccesibles para algunhas persoas ou empresas.

Adicionalmente, hai que ter en conta que a situación xerada polo COVID19 e as condicións de vida propias da nosa cidade, recoñecida como a mellor para vivir, propiciaron un reasentamento de persoas e familias que se trasladaron, noutro momento, a cidades como Madrid, Barcelona, ... e que precisan de conexións para combinar teletraballo con actividade presencial ou para desenvolver actividades económicas ou profesionais agora residenciais en Vigo.

Esta realidade social e económica contrasta co centralismo das políticas de promoción turística, económica e aeroportuaria da Xunta de Galicia. Este centralismo actuou en anos pasados como unha forza centrípeta para, directa e tamén indirectamente, conceder axudas ao aeroporto xeograficamente central da Comunidade Autónoma en prexuízo do da cidade máis poboada, do aeroporto máis achegado ao sur da mesma, e ao que tivo unha maior ocupación no tempo en que, por razóns de pandemia, permitiu amosar cal é a “foto real” de demanda e ocupación si se eliminan condicionantes alleos á demanda real.

O Goberno galego debe tomar nota da realidade e aportar fondos que permitan non só incrementar as frecuencias senón tamén reducir o importe dos desprazamentos de e cara a Vigo.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno da Excm. Corporación de Vigo que adopte o seguinte:

ACORDO

- Instar a Xunta de Galicia a que aporte un volume de recursos económicos equivalente ao que aportan conxuntamente Concello de Vigo e Deputación de Pontevedra para a promoción de rutas aéreas no Aeroporto de Vigo.”

Incidencia. No momento da votación atópase ausente a Sra. Caride Estevez e non se visualiza ás concelleiras Sr. Rodríguez Calviño e Aguiar Castro e ao concelleiro Sr. Estevez Rodríguez.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 10.09.2021 (Rex. Nº 3094/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

7.(158). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A MANTER NO CURSO 2021-2022 A TÓDOLOS PROFESORES/AS CONTRATADOS NO CURSO 2020-2021 PARA GARANTIR TÓDOLOS PROTOCOLOS SANITARIOS E UNHA EDUCACIÓN DE CALIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS DA CIDADE. REXISTRO PLENO 3095/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 10 de setembro de 2021, número 3095/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Na última reunión da Conferencia Sectorial de Educación e do Consello Interterritorial cos conselleiros das CCAA aprobáronse medidas sanitarias para o curso 2021-2022 que prevén pequenas modificacións con respecto ás medidas adoptadas no curso 2020-2021. No protocolo de adaptación ao contexto COVID-19 para os centros non universitarios mantéñense as mesmas medidas excepto a redución da distancia interpersoal de 1,5 m a 1,2m

Estas medidas non sofren grandes cambios xa que non se pode considerar superada a situación sanitaria e a intención de todos os axentes educativos é garantir os centros coma espazos seguros.

O Goberno de España dotará ás CCAA con 13.400 millóns de extraordinarios ademais dos 10.000 millóns que chegarán dos fondos REACT-EU. A Xunta de Galicia recibirá nos próximos meses máis de 800 millóns de euros que debería adicar a política social, sanidade e educación.

Nos últimos meses son moitas as protestas que se teñen producido na nosa cidade e en numerosas cidades de Galicia ante a previsión da Consellería de Educación de reducir drasticamente o número de profesoras e profesores nos centros de educación infantil e primaria e nos centros de educación secundaria. O propio Ministerio de Educación solicitou ás CCAA o uso dos fondos estatais para o mantemento do mesmo número de profesoras e profesores que no curso pasado.

A pesar da existencia de fondos estatais para manter o profesorado, a Xunta de Galicia decidiu volver á situación do curso 19-20 e reducir aínda máis o persoal docente. Esta decisión é inexplicable e o que provoca é continuar coas políticas de recortes na educación pública, algo habitual dende que Alberto Nuñez Feijoo é presidente da Xunta de Galicia.

O goberno da Xunta de Galicia debería apostar por manter o número de profesores para o curso 2021-2022 e apostar por manter ese número no futuro co obxectivo de reducir ratios e mellorar a atención educativa.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno da Excma. Corporación de Vigo que adopte o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a manter no curso 2021-2022 a todos os profesores e profesoras contratados no curso 2020-2021, para garantir todos os protocolos sanitarios e unha educación de calidade nos centros educativos da cidade de Vigo.”

Incidencia. No momento da votación atópase ausente a Sra. Caride Estevez e non se visualiza á concelleira Sr. Rodríguez Calviño e ao concelleiro Sr. Estevez Rodríguez.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 10.09.2021 (Rex. Nº 3095/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gomez Díaz, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

8.(159). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CONTRIBUÍR CON FONDOS AUTONÓMICOS PARA FINANCIAR O PASIVO DO ESTALEIRO BARRERAS NA MESMA MEDIDA QUE O ESTÁ A FACER O GOBERNO DE ESPAÑA, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 3096/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 10 de setembro de 2021, número 3096/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Losada Alvarez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Vigo é historicamente o principal polo da industria naval privada en España. Unha das empresas de referencia, Hijos de J. Barreras, aparece a medida que pasan os meses nunha situación económico-financeira cada vez máis delicada.

Falamos do maior estaleiro privado de España, propiedade do Estado ata que en decembro de 1997 o goberno de José María Aznar, a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais, autorizou a privatización do mesmo aceptando a oferta de compra por 750 millóns de pesetas do grupo empresarial formado pola Naviera Odriel (50%), o equipo directivo da época (30%), Albacora (10%) e José García Costas (10%), empresario do sector naval vigués. A operación foi avalada no seu momento por Caixanova, que tamén financiou a ampliación de capital do estaleiro con 450 millóns de pesetas.

Despois desta privatización, o estaleiro foi afectado polo concurso de acredores que se produciu agora hai dez anos. Máis tarde, as polémicas xestións do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, despois dunha xigantesca campaña de publicidade e propaganda converteron a empresa mexicana Pemex no seu accionista maioritario. Unha operación que hoxe en día investiga a fiscalía mexicana, propiedade que rematou hai mais ou menos un ano, cando Ritz-Carlton, que planeaba a construción dun cruceiro de súper luxo, quedou con toda a compañía.

Nas últimas semanas, unha consultora especializada en liquidacións de empresas, Kroll, destituíu o consello de administración e abriu negociacións cos sindicatos para activar un Expediente de Regulación de Emprego Temporal (ERTE), nunha plantilla que agora se sitúa pouco por riba dos 100 traballadores.

A estratexia empresarial da empresa nos últimos anos foi devastadora, ademais de ter reducido o persoal, a maior parte do traballo foi confiada a provedores externos; durante moitos anos, concretamente, a empresas vinculadas ao propio José García Costas, antigo accionista e o home que permaneceu á fronte do negocio despois do pacto de Feijóo cos mexicanos de Pemex. A situación é tan complicada que ata o concurso de acredores xa é vista polos traballadores de Barreras como un mal menor, dado o evidente risco de liquidación da empresa.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno da Excm. Corporación de Vigo que adopte o seguinte:

ACORDO

- Instar a Xunta de Galicia a:
 1. Contribuír con fondos autonómicos para financiar o pasivo do estaleiro Barreras na mesma medida que o está a facer o goberno de España.
 2. Cooperar a través dos programas de internacionalización do IGAPE na busca de novos contratos e mercados para o estaleiro Barreras.
 3. Desenvolver un *Plan Estratégico para a Industria Naval Privada de Galicia*, similar ao configurado arredor da industria aeroespacial no polo de Rozas (Lugo), no que se reforce a tan publicitada colaboración público-privada.
 4. Use parte dos Fondos Comunitarios Next Generation EU que recibirá do goberno de España para dotar economicamente este plan.”

Tralo debate o concelleiro membro non adscrito, Sr. Perez Igrexas presenta “in voce” unha emenda transaccional de engádeda ao 1º parágrafo, que di:

“Contribuír, **de maneira condicionada e con mecanismos de control público**, con fondos autonómicos (...)”.

Ao ser aceptada polo relator da moción, Sr. Losada Álvarez, incorpórase esta engádeda ao acordo.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente a Sra. Caride Estevez e non se visualiza ao concelleiro Sr. Estevez Rodríguez.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais do

membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 10.09.2021 (Rex. Nº 3096/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Losada Álvarez, cuxo acordo queda do seguinte xeito.

- Instar a Xunta de Galicia a:
 1. Contribuír, de maneira condicionada e con mecanismos de control público, con fondos autonómicos para financiar o pasivo do estaleiro Barreras na mesma medida que o está a facer o goberno de España.
 2. Cooperar a través dos programas de internacionalización do IGAPE na busca de novos contratos e mercados para o estaleiro Barreras.
 3. Desenvolver un *Plan Estratégico para a Industria Naval Privada de Galicia*, similar ao configurado arredor da industria aeroespacial no polo de Rozas (Lugo), no que se reforce a tan publicitada colaboración público-privada.
 4. Use parte dos Fondos Comunitarios Next Generation EU que recibirá do goberno de España para dotar economicamente este plan.”

PARTE DE CONTROL

9.(160). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DO 19.07 AO 16.08.2021. EXPTE. 1062/1102. REXISTRO PLENO 3055/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 19.07 ao 16.08.21) incluídas no expediente 1062/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

10.(161). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DO 19.07 AO 16.08.2021. EXPTE. 1063/1102. REXISTRO PLENO 3056/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 19.07 ao 16.08.21) incluídas no expediente 1063/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

13.(164). Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, que se practiquen de maneira urxente inspeccións municipais nas obras do túnel de Porta do Sol na rúa Elduayen, onde se están a producir de maneira reiterada graves incidencias (das que ten constancia a Policía Local) por non se respetar as medidas de seguridade nunha obra en zona habitada e para a debida protección patrimonial de edificios catalogados, provocando importantes prexuízos á veciñanza e tecido comercial das inmediacións.

14.(165). Rogo formulado pola concelleira do grupo municipal Mixto (Marea de Vigo), Sra. Méndez Fuentes, que o Goberno local reformule as obras da Porta do Sol para que se garanta a seguridade a todos os niveis e para que os horarios de perforación non impidan a calidade de vida da veciñanza.

15.(166). Rogo formulado polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, que se establezan bonificacións fiscais e axudas directas para os comerciantes da rúa Elduayen, que están pechando pola precaria situación que atravesaba a zona.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

16.(167). Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, ¿Ten previsto o Goberno municipal poñer en marcha algún mecanismo que permita a participación directa do tecido asociativo e da veciñanza no proceso de elaboración dos orzamentos municipais para o vindeiro exercicio 2022 para, desta maneira, considerar algunha proposta ou opinión diferente á do grupo municipal socialista?

17.(168). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal Mixto (Marea de Vigo), Sr. Pérez Correa, ¿Cal e o motivo para non explorar o financiamento con fondos europeos da nova estación potabilizadora de auga en vez de cargalo ao amortizable de investimentos de Aqualia?

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

ACTA DE REUNION

Generada el Viernes, 17 de Septiembre de 2021 13:26:58

=====
===

Asunto : Pleno ordinario Agosto
Legislatura: Mandato 2019-2023
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Miércoles, 15 de Septiembre de 2021 09:07:05
Fecha Fin : Miércoles, 15 de Septiembre de 2021 12:07:49
Parte : ordinario agosto 21
Duración : 03:00:44

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3116

- Media

[1] Windows Media Video WMV1/WMA2 1280x720 16:9, 2.2 GiB (Video)

SHA512 -

998d7418f5d3d6b3055c66af666b8c974a6dbf7aaef707f55ee39aa769f22fdfe13e36d
8bf8b7d7aeefc9b70d49092dcdebd808ab500d5a6f421f81db8cf91b7

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Rivas González, Ángel; Mejías Sacaluga, Ana María;
Estévez Rodríguez, Pablo Luis; Lago Barreiro, María del Carmen;
Fernández Pérez, José Manuel; Iglesias González, Ana Laura;
Marco González Castillo, Jesús; Méndez Fuentes, Oriana;
Caballero Álvarez, Abel; Escariz, Alberto; Riesgo, José;
Silva Rego, Carmela; Espinosa Mangana, Elena; Losada Álvarez,
Abel; Lopéz Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Aneiros
Pereira, Jaime; Blanco Iglesias, María Eugenia; Rodríguez
Calviño, Patricia; Gómez Díaz, Gorka; Pardo Espiñeira,
Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Rodríguez, Nuria;
Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, José Alfonso;
Egerique Mosquera, Teresa; Pérez Correa, Rubén; Pérez Igrexas,
Xabier; López Román, Patricia;

00:00:41 - Caballero Álvarez, Abel

00:01:57 : 1. Actas anteriores: Extraordinaria do 23.07, ordinaria do 28.07
e extraordinaria do 26.08.2021
00:02:12 - Pérez Iglesias, Xabier
00:02:35 - Caballero Álvarez, Abel

00:02:51 : 2. Proposta de aprobación do I Plan de Igualdade do Persoal ao
Servizo do Concello de Vigo. Expediente 11011/224 (Registro
Pleno
3058/1101).
00:03:12 - Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
00:08:37 - Caballero Álvarez, Abel
00:08:45 - Pérez Iglesias, Xabier
00:10:37 - Caballero Álvarez, Abel
00:10:47 - Méndez Fuentes, Oriana
00:13:34 - Caballero Álvarez, Abel
00:13:45 - Lopez Roman, Patricia
00:17:46 - Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
00:19:36 - Caballero Álvarez, Abel
00:19:44 - Votación [9:26:43]

00:20:07 : 3. Festividades locais para o ano 2022. Expte. 1692/110
(Registro
Pleno3057/1101).
00:21:00 - Minuto de silencio-victimas violencia de xenero
00:22:21 - Caballero Álvarez, Abel

00:22:22 : 5. Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Consorcio do CascoVello de Vigo a cesión ao Concello de Vigo do uso dos 14 locais desocupados por un prazo de 10 anos, prorrogables de común acordopolas partes, coa finalidade de potenciar o Casco Vello. Rexistro Pleno3093/1101.

00:22:42 - Caride Estévez, María José

00:27:51 - Caballero Álvarez, Abel

00:27:56 - Pérez Iglesias, Xabier

00:30:03 - Caballero Álvarez, Abel

00:30:13 - Méndez Fuentes, Oriana

00:34:58 - Caballero Álvarez, Abel

00:35:03 - Marnotes González, Jose Alfonso

00:40:13 - Caballero Álvarez, Abel

00:40:25 - Caride Estévez, María José

00:43:38 - Caballero Álvarez, Abel

00:43:49 - Votación [9:50:50]

00:44:46 - Silva Rego, Carmen

00:45:16 - Caballero Álvarez, Abel

00:45:44 - Silva Rego, Carmen

00:45:47 - Caballero Álvarez, Abel

00:46:12 - Silva Rego, Carmen

00:46:39 - Caballero Álvarez, Abel

00:46:42 : 11. Moción do grupo municipal Mixto para artellar de urxencia políticas en materia de contención do prezo do alugueiro en Vigo e aumentar o parque de vivenda dispoñible para este fin, así como a xestión pública directa municipal do futuro stock de vivenda pública. Rexistro Pleno3090/1101.

00:47:13 - Pérez Correa, Rubén

00:52:26 - Espinosa Mangana, Elena

00:52:34 - Pérez Iglesias, Xabier

00:54:41 - Espinosa Mangana, Elena

00:54:45 - Marnotes González, Jose Alfonso

00:59:17 - Espinosa Mangana, Elena

00:59:22 - Caride Estévez, María José

01:04:31 - Espinosa Mangana, Elena

01:04:41 - Pérez Correa, Rubén

01:07:52 - Espinosa Mangana, Elena

01:07:59 - Votación [10:14:58]

01:08:02 - Marnotes González, Jose Alfonso

01:08:26 - Espinosa Mangana, Elena

01:08:37 - Marnotes González, Jose Alfonso

01:08:48 - Espinosa Mangana, Elena

01:09:01 : 12. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a información pública do PXOM. Rexistro Pleno 3092/1101.

01:09:21 - Marnotes González, Jose Alfonso

01:14:25 - Espinosa Mangana, Elena

01:14:33 - Pérez Iglesias, Xabier

01:16:41 - Espinosa Mangana, Elena

01:16:46 - Pérez Correa, Rubén

01:21:52 - Espinosa Mangana, Elena

01:21:58 - Caride Estévez, María José

01:27:28 - Marnotes González, Jose Alfonso

01:30:38 - Espinosa Mangana, Elena

01:30:51 - Votación [10:37:51]

01:31:27 : 4. Moción do concelleiro membro non adscrito polo futuro do sector da automoción en Vigo e Galiza. Rexistro Pleno 3089/1101.

01:31:47 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:34:11 - Espinosa Mangana, Elena
 01:34:15 - Pérez Correa, Rubén
 01:39:31 - Espinosa Mangana, Elena
 01:39:37 - Egerique Mosquera, Teresa
 01:44:40 - Espinosa Mangana, Elena
 01:44:51 - Losada Alvarez, Abel Fermín
 01:49:19 - Espinosa Mangana, Elena
 01:49:25 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:50:34 - Espinosa Mangana, Elena
 01:50:40 - Votación [10:57:40]

01:51:06 : 6. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a que aporte un volume de recursos económicos equivalente ao que aportan conxuntamente Concello de Vigo e Deputación de Pontevedra para a promoción de rutas aéreas no Aeroporto de Vigo. Rexistro Pleno 3094/1101.

01:51:30 - Aneiros Pereira, Jaime
 01:56:37 - Espinosa Mangana, Elena
 01:56:43 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:58:56 - Espinosa Mangana, Elena
 01:59:06 - Pérez Correa, Rubén
 02:04:12 - Espinosa Mangana, Elena
 02:04:21 - Gonzalez Castillo, Jesús Marco
 02:08:58 - Espinosa Mangana, Elena
 02:09:03 - Aneiros Pereira, Jaime
 02:09:55 - Espinosa Mangana, Elena
 02:10:00 - Aneiros Pereira, Jaime
 02:12:18 - Espinosa Mangana, Elena
 02:12:22 - Votación [11:19:22]
 02:12:25 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:12:45 - Espinosa Mangana, Elena
 02:12:46 - Votación [11:19:46]
 02:12:59 - Espinosa Mangana, Elena

02:13:11 : 7. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a manter no curso 2021-2022 a tódolos profesores/as contratados no curso 2020-2021 para garantir tódolos protocolos sanitarios e unha educación de calidade nos centros educativos da cidade. Rexistro Pleno 3095/1101.

02:13:39 - Gomez Díaz, Gorka
 02:18:55 - Espinosa Mangana, Elena
 02:18:59 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:21:03 - Espinosa Mangana, Elena
 02:21:08 - Méndez Fuentes, Oriana
 02:25:19 - Espinosa Mangana, Elena
 02:25:26 - Egerique Mosquera, Teresa
 02:30:32 - Espinosa Mangana, Elena
 02:30:39 - Gomez Díaz, Gorka
 02:33:46 - Espinosa Mangana, Elena
 02:33:50 - Votación [11:40:50]

02:34:23 : 8. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a contribuír con fondos autonómicos para financiar o pasivo do estaleiro Barreras na mesma medida que o está a facer o goberno de España, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 3096/1101.

02:34:46 - Losada Alvarez, Abel Fermín
 02:40:42 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:40:55 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:43:25 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

02:43:28 - Pérez Correa, Rubén
02:48:42 - Espinosa Mangana, Elena
02:48:47 - Egerique Mosquera, Teresa
02:52:58 - Espinosa Mangana, Elena
02:53:04 - Losada Alvarez, Abel Fermín
02:56:17 - Espinosa Mangana, Elena
02:56:19 - Pérez Iglesias, Xabier
02:56:53 - Espinosa Mangana, Elena
02:57:02 - Votación [12:04:02]

02:57:44 : 9. Dar conta de resolucións da Alcaldía, do 19.07 ao 16.08.2021. Expte.1062/1102. Rexistro Pleno 3055/1101.

02:58:05 : 10. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, do 19.07 ao 16.08.2021. Expte. 1063/1102. Rexistro Pleno 3056/1101.Mocións.

02:58:27 : 13. Formulación de rogos.
02:58:31 - Pérez Iglesias, Xabier
02:59:00 - Espinosa Mangana, Elena
02:59:05 - Méndez Fuentes, Oriana
02:59:21 - Marnotes González, Jose Alfonso
02:59:35 - Espinosa Mangana, Elena

02:59:37 : 14. Formulación de preguntas.
02:59:42 - Pérez Iglesias, Xabier
03:00:03 - Espinosa Mangana, Elena
03:00:06 - Pérez Correa, Rubén
03:00:18 - Espinosa Mangana, Elena

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e dez minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 2/2021, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2021.
am.

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda